

Presidencia da Audiencia Provincial de Lugo

O presidente da Audiencia Provincial de Lugo é a figura representativa da institución xudicial na provincia. Noméao o Consello Xeral do Poder Xudicial. O seu mandato dura cinco anos. Compatibiliza as tarefas gobernativas e representativas do cargo coa presidencia dunha sección da propia Audiencia.

Desde finais do 2020, o cargo de presidente da Audiencia Provincial de Lugo exerceo en funcións o maxistrado Edgar Amando Cloos Fernández.

Naceu en Monforte de Lemos en marzo de 1957. É xuíz por oposición libre desde 1986. Comezou a prestar os seus servizos no Xulgado de Instrución nº2 de Granollers (1986). Posteriormente, trasladouse ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº1 de Cambados (1986-1989); ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº4 de Lugo (1989-1991); e á Audiencia Provincial de Lugo, na sección primeira (1991-2000) e na sección segunda (2000-2002). Desde o 2002 é o presidente da sección segunda da Audiencia Provincial de Lugo.